



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Mesa de Carreira Administrativa

Despois da reunión de hoxe de Carreira Administrativa a AEAT demostrou de novo que lle interesa ben pouco o desenvolvemento do Acordo. Non é de recibo que os asistentes a reunión, pola parte da AEAT, sexan uns "mandados" que non teñen capacidade de decisión e ao único que se limitan é a "pasar recado" ás altas esferas do que alí se fala. Desde a CIG deixamos ben claro que para poder avanzar nos puntos pendentes de analizar do Acordo debe estar na Mesa Técnica a Directora de RRHH e o Adxunto, que son os que "mandan" para poder discutir directamente con eles os puntos máis conflictivos. Así non hai xeito de avanzar... Lembremos que desde o mes de maio do 2009 non hai unha reunión formal da Mesa Técnica de Seguimento do Acordo. Agora, desde RRL, aseguran que lle queren dar un "impulso" á Mesa e comezar a tratar os temas que están pendentes de analizar. Xa o veremos...

Desde a CIG lembrámoslle á AEAT que temos multitude de escritos presentados cos asuntos pendentes de análise pola Mesa de Seguimento e dos que esperamos unha resposta inmediata. Parece que non se decatan que detrás de todos os temas expostos están traballadores da AEAT que están á espera dunha solución e que se meceren todo o respecto polos dirixentes desta casa.

Lembramos de novo os temas prioritarios para a CIG e dos que esperamos sexan tratados en breve na Mesa de Seguimento:

- Reclasificación, nas datas establecidas para cada grupo, ao Tramo 6 aos funcionarios da AEAT que reunen os requisitos (32 anos de antigüidade no 14/11/07)
- Paso ao Tramo 1 dos funcionarios que ingresaron na AEAT despois do 14/11/07 e reunen os requisitos da antigüidade
- Análise dos procedimentos dos concursos de Mobilidade, unha vez comprobadas as deficiencias do sistema existente e convocatorias de concursos para os corpos Xerais (Auxiliares, Administrativos...) e persoal de Informática
- Estudo dos procedimentos de promoción interna (redución materias por antigüidade, promoción ao subgrupo A1, etc)
- Estudo das "chapuzas" da AEAT coa creación de tramos de carreira inexistentes (mezcla de tramos no caso de promoción interna)
- Aplicación do Acordo despois do período transitorio (debería ser, exclusivamente por antigüidade, mentres non haxa outro criterio)
- Convocatoria das especialidades tributarias da AEAT, tal e como establece o acordo
- Desenvolvemento da carreira vertical

A AEAT facilitará un calendario de reunións para ir tratando cada un dos temas expostos, e só se comprometeu, na reunión de hoxe, a convocar neste ano a **especialidade tributaria**.

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

W.CIGAEAT.COM